



A PGA solicitará entrevistas con Emilio Pérez Touriño e Anxo Manuel Quintana González

Compostela, 27 de novembro do 2008. Trala covardia mostrada pol@s parlamentari@s que nos representan, ao non seren capaces de facerse eco das demandas da cidadanía e escurrir o bulto deixando á vontade da Xunta de Galiza a posta en marcha dunha serie de medidas laxas e contradictorias, A PGA vese na necesidade de **solicitar entrevistas cos máximos responsabeis do goberno galego: Emilio Pérez Touriño e Anxo Manuel Quintana González.**

Nesta reunión trasladarémolles ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galiza que **cómpre clarificar con urxencia as ferramentas que haberán de garantir a posta en marcha do texto consensuado polos grupos parlamentares**, xa que ademais de non cubrir as demandas do pobo galego, a falta de sensibilidade demostrada polos grupos políticos denota o risco de que estas mínimas consideracións nin sequera se leven a cabo.

Neste senso, **esixiremos a creación dun órgano de supervisión e seguimento da aplicación dos puntos reflectidos no documento**, que **ineludíbelmente** **haberá de contar con presenza da cidadanía galega**, representada a día de hoxe **por medio da Plaforma Galega Antitransxénicos**, que arestora agrupa unha trintena de colectivos e organización sociais.

Nomeadamente, cómpre un seguimento especialmente estricto dos puntos seguintes:

- “Incentivar as producións agrogandeiras tradicionais de calidade e os cultivos ecolóxicos outorgándolle a máxima protección xenética.”

Especificar cales son os mecanismos de promoción destes modelos produtivos. Clarificar que este punto non sexa unha coartada para dar saída legal a unha coexistencia encuberta de cultivos transxénicos con non transxénicos. Reiteramos: A coexistencia é imposíbel.

- “Establemecemento de **sistemas de identificación, control e rastrexabilidade** dos produtos agrogandeiros.”

*Garantir que a responsabilidade destes mecanismos **non sexa outra carga burocrática para as explotacións** e recaiga dita responsabilidade na*

administración, neste caso concreto consideramos que sería potestade do INGACAL (Instituto Galego de Calidade)

A este respecto, subraiar a especial importancia do compromiso enunciado polos grupos parlamentares de proporcionar **información e formación á cidadanía e profesionais do sector agrogandeiro, en todos os aspectos e efectos relacionados cos organismos xenéticamente modificados.**

Neste plano informativo, a PGA observa prioritario achegar información sobor dos organismos modificados transxénicamente **aos propios grupos parlamentares**, habida conta dos argumentos falsos que manexaron nas **intervencións**, poñendo de releve a grande ignorancia presente n@s nos@s representantes polític@s na Cámara.

Por último, a Plataforma Galega Antitransxénicos manifesta a **improcedencia do punto recollido na Proposición non de Lei alusivo ao incentivo das investigación en biotecnoloxía e inxeñaría xenética, xa que entra en contradición cos puntos especificados anteriormente, e mesmo co espírito do texto inicial da Proposición non de Lei da Declaración de Galiza zona libre de transxénicos: “O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a que, no ámbito das súas competencias, non contemple a produción de cultivos transxénicos destinados ao consumo humano e animal”**

Queremos mostrar o noso **agradecemento** a tódolos colectivos, persoas a título individual e medios de comunicación polo seu apoio, demostrando unha vez máis que a sociedade civil vai “un paso por diante” da clase política.

Emprazamos á cidadanía galega a adherirse ás vindeiras iniciativas que xa dende hoxe porá en marcha a Plataforma Galega Antitransxénicos.

A efectos de información, lembrar a dispoñibilidade de numerosos informes na páxina web www.galizasentransxénicos.org, así coma o contacto directo mediante o enderezo info@galizasentransxénicos.org, acudindo ás organización integradas na plataforma así coma os teléfonos de contacto d@s voceir@s da mesma:

Nome	Responsabilidade	Teléfono
Charo Sánchez Parga	Voceira	669651700
Fins Eirexas Santamaría	Voceiro	661993406
Analia Moares Lameiro	Voceira	988374318 / 660310049